

CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM 2023

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: 1º Slalom Concello de Laracha

PROVINCIA: A Coruña

DATA: 4 de novembro de 2023



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Consejo
Superior
de Deportes

ORGANIZACIÓN: Escudería Arteixo Motorsport

A/o Escudería Arteixo Motorsport , organiza 1º Slalom Concello de Laracha o día 4 de novembro de 2023, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

Esta proba de Slalom disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023, o regulamento xeral do Campionato de Slalom, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 6 de setembro de 2023. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-046-SL**.

DEFINICIÓN. Un slalom é unha proba de habilidade ó volante, que se desenrolará sobre un pavimento plano, asfaltado, encementado ou co 20% en superficie en terra, que comporta cambios de dirección marcados preferentemente por obstáculos, como conos ou portas.

VEHÍCULOS ADMITIDOS:

Admitiranse os vehículos de:

AGRUPACIÓN I: ata 1.200 c.c. (Tracción dianteira, calle e competición).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.201 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos eléctricos 100% ata un máximo de 80kw (de calle).

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Autorízase o uso de neumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

Características dos vehículos da COPA INICIACIÓN:

-Vehículos atmosféricos de tracción, de estriada serie e con cilindrada máxima 1.200cc.

-Non se pode modificar motor de serie (árbores de levas, carburadores,...)

-Non se pode modificar admisión de serie.

-Non se pode modificar a centralita de orixe.

-Deberá contar con tódolos reforzos de serie de portas, capos e demais elementos da carrocería.

-Non se pode variar a relación de cambio de serie.

-Sen autoblocante.

-Será necesario ter asentos, tapizados, bandexa,... O asento de condutor de serie ten que estar inmovilizado-fixo (sen corredeira), permitíndose asento deportivo tipo baket, con arneses de catro a seis puntos de ancoraxe. -Sen barras antivolco.

-Sen separadores.

-Con pneumáticos de calle e de grandes series: prohibición de pneumáticos M+S de neve ou terra.

-Con suspensión tipo calle (que pase a ITV: tipo Selex, Koni,...). Non se permite suspensión homologadas de tipo roscado in botellas independentes.

-Non se poderá modificar estabilizadoras dianteiras nin traseiras: diámetros,... -No caso de levar barras de torsión, non se poderá modificar o diámetro destas. -No caso de levar ballestas, non se poderá modificar o número destas.

-Non se pode modificar colectores de escape. Permítese a modificación do sistema de escape, por outro que teña a homologación CE/E9, e cos sistemas de catalizado correspondentes: válido para pasar a ITV.

-Con ITV en vigor.

-Permítese a modificación do volante.

-Non se permite que leve roda de reposto.

NOTA: todo o non establecido neste documento está prohibido.

SEGUROS: Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G.de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

CONCURSANTES ADMITIDOS: Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

INSCRICIÓN:

Todo equipo que desexe participar na proba ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requeridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

O peche de inscrición realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

As solicitudes de inscrición admitiranse ata o 30 de Outubro de 2023 as 20:00 horas, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou Fax, antes da celebración da mesma.

Dereitos de inscrición: 85 €. Aceptando a Publicidade facultativa.

170 €. Non Acepta a Publicidade facultativa.

As solicitudes de inscrición deberanse remitir vía e-mail a:

Entidade: Arteixo Motorsport

e-mail: arteixomotorsport22@gmail.com

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos mediante transferencia bancaria en:

Entidade: **Caixabank** número de conta **ES35 2100 5902 7602 0010 7294**

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

No momento da realización da inscrición cada participante deberá remitir a Escudería vía email (arteixomotorsport22@gmail.com) ou en persoa as copias de:

- Licencias: concursante, piloto e asistencia, no caso
- Seguro obrigatorio do vehículo en vigor
- Tarxeta de inspección técnica de vehículos coa ITV en vigor

O que non sexa facilitado a organización previo o día da proba será requerido o día da mesma nas Verificacións Administrativas. Moi importante, o recibo do seguro debe de facilitarse a organización en papel, non se verificará positivamente cando sexa mostrado mediante dispositivos móbiles tipo smartphones, tablets, etc.

Verificacións administrativas: levaranse a cabo no Bar Orensana situado no Lugar de Raxido nº8. Nelas verificarase a documentación non entregada no momento da inscrición, así como entregarse aos pilotos os dorsais correspondentes.

Verificacións técnicas: levaranse a cabo diante do Local do Obradoiro de Traballo de Laracha, a carón do parque de traballo. Nelas uns Comisarios Técnicos comprobarase se as características técnicas dos vehículos participantes son acordes ao Regulamento Técnico para Vehículos de Slalom.

CIRCUÍTO:

O circuíto de asfalto plan redial nacional, estará emprazado nas inmediacións do Polígono Industrial de Laracha, no Concello de Laracha.

DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
30/09/23	10:00	Apertura inscricións	arteixomotorsport22@gmail.com
30/10/23	20:00	Peche Inscricións	om
01/11/23	21:00:00	Publicación lista de inscritos	Web FGA
04/11/2023	08:00 a 10:00	Verificacións Administrativas	Bar Orensana
	08:00 a 10:00	Verificacións Técnicas	Diante do Local Obradoiro de Traballo
	10:15:00	Hora límite de presentación dos vehículos no parque pechado	Ao carón do circuíto
	10:30:00	Publicación lista de autorizados a tomar a Saída	Taboleiro de Anuncios
	10:45:00	Briefing aos Pilotos	Diante do Local do Obradoiro
	11:00:00	Saída 1º Participante Manga Adestramentos	
	*A continuación	*Saída 1º Participante 2ª Manga Adestramentos	
	A continuación	Saída 1º participante manga oficial	
	A continuación	Saída 1º participante 2ª manga oficial	
	20:30	Publicación de Resultados	Taboleiro de Anuncios
	21:00	Rolda de prensa dos 3 Primeiros Clasificados	Carpa ao carón do circuíto
21:15	Entrega de premios	Carpa ao carón do circuíto	

Nota: Levantamento vehículos parque pechado: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechado,** sen ter que esperar ás entregas de premios. (*no caso)

OFICIAIS DA PROBA:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D.Diego Ponte Rey En trámite

Comisarios Deportivos:

Presidente D.Diego Ponte Rey En trámite
D.Marta M^a Sánchez Novo CD-0429-GA-AUT
D.Raquel López Fernández CD-0427-GA-AUT

Observador da F.G.de A.:

D.Iván Bouza Lage OBS-0079-GA-AUT

Director da Carreira:

D.Ramiro Fandiño Vázquez DC-0417-GA-AUT

Comisario Técnico

D.Iván González Abeleira JOC-0742-GA-AUT

Xefe de Seguridade Vial:

D.Santiago Santalla Soto DC-0415-GA-AUT

Responsable Equipos de Cronometraxe:

D.Edgar Díaz Prieto CD-0419-GA-AUT

Ambulancias: Grupo Apóstol

Centros asistenciais: Pac Laracha e CHUAC Coruña, e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Guindastres: Grúa Talleres Lista

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

MEDICO DA PROBA: D. ALEJANDRO GARCIA FREIRE, COLEXIADO N° 15/1513885

Don Diego Ponte Rey, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número EN TRÁMITE, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba
N.I.F.:32.695.579-K

Entidade: Arteixo Motorsport
C.I.F.:G 70575923

Asdo.: Presidente D. Diego Ponte Rey



#ARTEIXOMOTORSPORT



Asdo.: Xefe de Seguridade
N.I.F.: 76.418.477-B



PREMIOS:

A entrega de premios, será obrigatorio estar presente para ter dereito o premio. Realizarase na carpa que se montará ao carón do circuito.

Posición	Premio + Trofeo
1º Xeral	320,00 € + Trofeo
2º Xeral	220,00 € + Trofeo
3º Xeral	120,00 € + Trofeo
4º Xeral	100,00 € + Trofeo
5º Xeral	90,00 € + Trofeo
6º Xeral	80,00 € + Trofeo
Total	930,00 €

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch, e os tres primeiros de cada agrupación, así como o primeiro de cada copa de iniciación ou debutantes.

CLASIFICACIONES:

Autorízanse mangas de adestramentos adicionais a decisión do Organizador. Celebraranse mínimo 3 mangas cronometradas, unha manga de adestramentos-recoñecemento, e dúas oficiais. A participación na manga de adestramentos ou nunha das mangas, no caso de facerse máis dunha, será **OBRIGATORIA** sen penalizacións.

As **DÚAS** mangas oficiais serán **OBRIGATORIAS** e para establecer a clasificación final, só se tomará o tempo acadado na mellor das dúas mangas disputadas polo participante, e sempre con penalizacións incluídas

A non participación dun piloto nunha das mangas oficiais será motivo de expulsión da clasificación final da proba.

A cronometraxe efectuarase a milésima de segundo con células fotoeléctricas.

Para obter o tempo oficial dun participante realizarase a resta entre a hora real de chegada e a hora real de saída. O piloto terá un prazo de 10 segundos para tomar a saída dende o momento no que o cronometrador o autorice a facelo.

Na chegada, as células fotoeléctricas teranse que poñer na entrada ao "garaxe", no que o participante deberá deter por completo o vehículo sen tirar ningún pirulo ou cono. Unha vez acadado o tempo resultante do cronómetro aplicaranse as penalizacións. No caso de empate, decidirase en favor do vehículo de menor cilindrada.

PENALIZACIÓN: Segundo describe o C.D.I., durante a proba, haberá Comisarios Deportivos debidamente licenciados, nomeados como xuíces de feitos para aplicar as faltas como segue:

FALTA	PENALIZACIÓN
Tirar un cono das lindes do garaxe	5 Segundos
Sobrepasar a raia final do garaxe ou non entrar nel	5 Segundos
Non face-lo stop, ou sexa, non parar totalmente dentro do garaxe	5 Segundos
Por saída falsa, penalizarase por cada segundo de adianto	10 Segundos
Por desprazar ou tocar un cono ou pau da porta	10 Segundos
Por non pasar unha porta, ou pasar un cono polo lado contrario, ou non efectuar unha volta completa (por cada falta). A acumulación de dúas destas faltas, na mesma manga, suporá a exclusión da mesma, pero validando a participación sen tempo	20 Segundos
Por non efectuar o percorrido marcado	60 Segundos
Por recortar os números ou varia-lo lugar destinado	60 Segundos
Por desacato ou menosprezo a un comisario	EXCLUSION
Por recibir axuda do exterior	EXCLUSION
Por condución agresiva ou perigosa	EXCLUSION
Non cumprimento das normas de parque pechado ou de traballo	EXCLUSION

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS		Local do Obradoiro de Traballo, Polígono Industrial de Laracha
REUNIÓN	DATA	HORA
UNICA	04 de NOVIEMBRE de 2023	09:00:00

ADVERTENCIA: O croques terá que ser o mesmo ó que se leve a bo termo o día da proba, baixo a exclusiva responsabilidade do Director da proba e do Presidente da Entidade Organizadora, así como do Xefe de Seguridade Vial.

NOTA: Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Slalom acorda: O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2023; con posterior traslado da denuncia ó T.G.A. da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntúe nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2023, a tódolos efectos; con posibilidade de esixir danos colaterais dos pilotos ós organizadores.

TRAZADO DO CIRCUITO CON DISTANCIAS



NOTA: As distancias entre conos, conos e portas, conos e paralelas: manteñen o patrón de 15 metros de distancia entre si, agás os dous primeiros conos (o verde e vermello que están máis próximos a saída e meta, que entre si e entre o primeiro ou derradeiro cono con respecto a saída ou meta, respectivamente, teñen 10 metros. As paralelas teñen unha distancia de 25 metros, e o oco entre elas é de 9 metros.